

MATERIA
Vitimoloxía

TITULACIÓN
Grao en Criminoloxía

unidade
didáctica
2

Ciencias Sociais e Xurídicas

Tipoloxías vitimais e prevención

Natalia Pérez Rivas

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679871>

MATERIA: Vitimoloxía

TITULACIÓN: Grao en Criminoloxía

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Tema 1. A vitimoloxía: cuestións conceptuais e metodolóxicas.

Tema 2. Tipoloxías vitimais. Prevención vitimal

Tema 3. A vítima e o sistema de xustiza penal (I)

Tema 4. A vítima e o sistema de xustiza penal (II): Estatuto da vítima o delito. Introducción: estatuto xurídico das vítimas en España. Definición de vítima e disposición xerais. Participación no proceso penal. Protección. Apoio e asistencia. Información.

Tema 5. Os sistema de asistencia e reparación pública das vítimas.

Tema 6. Efecto do delito nas vítimas. Atención e acompañamento ás vítimas con enfoque de xustiza terapéutica.

Tema 7. Tipo de vitimización e vítimas vulnerables en distintos contextos: violencia de xénero e doméstica, violencia sexual, violencia laboral e violencia escolar.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. Tipoloxías vitimais: criterios clasificatorios
 - 2.1. O criterio da contribución vitimal
 - 2.1.1. Mendelsohn
 - 2.1.2. Jiménez de Asúa
 - 2.1.3. Gulotta
 - 2.1.4. Joutsen
 - 2.2. O criterio da vulnerabilidade da vítima
 - 2.2.1. Von Hentig
 - 2.3. Ponderación conxunta do criterio da contribución vitimal e do criterio da vulnerabilidade
 - 2.3.1. Fattah
 - 2.3.2. Schafer
 - 2.3.3. Neuman
 - 2.3.4. Landrove Díaz
 - 2.3.5. Soria Verde
 - 2.4. Outros criterios clasificatorios
 - 2.4.1. O criterio da titularidade do ben xurídico lesionado
 - 2.4.2. O criterio da protección das vítimas
3. A prevención vitimal
 - 3.1. Consideracións previas
 - 3.2. Prevención individual: información e autoprotección
 - 3.3. Limitacións dos programas divulgativos de prevención

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica titulada «Tipoloxías vitimais e prevención» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia de «Vitimoloxía», impartida no terceiro curso do Grao de Criminoloxía. A súa duración será de tres horas presenciais.

A formulación de tipoloxías vitimolóxicas remóntase ás orixes da vitimoloxía, debéndose as primeiras a Von Hentig e Mendelsohn -os chamados pais da Vitimoloxía- quen xogaron un papel fundamental nos seus inicios coa formulación das teses da predisposición vitimal e a contribución da vítima á súa propia vitimización. Ao orixinarse dentro dun paradigma positivista, o interese da nova disciplina centrouse, inicialmente, no estudo teórico daqueles factores que permitían diferenciar as vítimas das non vítimas, así como na interacción existente entre a vítima e o vitimario na xénese do feito delituoso da que se derivaría unha corresponsabilidade da vítima na súa propia vitimización. Esta teoría positivista da vitimoloxía é a que maioritariamente adoptan os sistemas de xustiza na medida en que exonera de toda responsabilidade ao Estado.

A través da formulación de tipos vitimais pretendíase pór de manifesto o carácter nesgado co que as ciencias penais abordaban o fenómeno da criminalidade, incidindo no rol que as vítimas desempeñaban no mesmo. Tamén perseguían o establecemento dunha definición ou, polo menos, dunha subdefinición común de vítima centrada nas características máis significativas delas.

A pesar de fracasar nese obxectivo inicial e da súa perda de protagonismo unha vez superada a denominada «vitimoloxía do acto», o certo é que estas clasificacións continúan sendo consideradas como un instrumento de investigación idóneo ao achegar datos esenciais, entre outras cousas, para o deseño de programas de prevención vitimal.

OS OBXECTIVOS

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Coñecer os procesos de interacción entre a vítima e o vitimario.
- Recoñecer os distintos perfís de vítimas.
- Advertir os factores e grupos de risco e mecanismos de prevención da vitimización.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A adecuación ao EEES dos ensinos universitarios presupón **«formar en competencias»**, de tal maneira que os estudantes adquiren novas capacidades e habilidades. O proceso de ensino transfórmase nun proceso de aprendizaxe que fai do alumno, ao propio tempo, o foco de atención e o centro de gravidade do sistema. Nese sentido,

o modelo de ensino-aprendizaxe evolucionou desde o tipo unidireccional, no que o profesor fala e os alumnos escoitan, pasando por un estado que chamamos comunicativo no que o profesor e o alumnado intercambian coñecementos, ata chegar á tendencia actual na que se unen todos estes paradigmas xerando un modelo no que todos os compoñentes comunícanse entre si, e que podemos denominar construtivista. O modelo de ensino construtivista sitúa o estudante no centro do proceso, de maneira que, aínda que o docente continúa sendo o responsable de presentar os contidos ao alumnado, ten que facelo de forma que estes deban de realizar algunha tarefa con esa información (interactuar con ela ou relacionala con algo que saben) para construír así o novo coñecemento ou reorganizar o previamente adquirido.

No marco deste modelo construtivista sitúanse as denominadas «metodoloxías activas» que pugnan por potenciar a adquisición de habilidades e destrezas por parte dos estudantes, así como avaliar por competencias de aprendizaxe que os capacite para integrarse nun mercado laboral cambiante. A este respecto, a «clase invertida» preséntase como un método docente altamente atractivo. Trátase este dun modelo de aprendizaxe no que o alumnado realiza unha aproximación a un determinado ámbito temático fóra da aula a través dos materiais seleccionados ou elaborados expresamente polo profesorado (sesión asíncrona), dedicándose o tempo na aula á consolidación dese coñecemento mediante a realización de diversas actividades prácticas (sesión síncrona).

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción

A tipoloxía é un esquema clasificatorio que axuda a entender que ten en común un grupo e como distingue doutros. Así, un tipo non é un individuo ou clase de individuo, senón que fai referencia a un conxunto de características, sendo os individuos que as deteñen os representativos dese tipo. De conformidade con Schneider, as tipoloxías vitimais que se formulan deben reunir os seguintes requisitos: a) abarcar todos os posibles tipos de vítimas (criterio de exhaustividade); b) non superpoñer uns tipos con outros (criterio de exclusividade); c) ter unha aplicación práctica e ser útiles para os propósitos investigadores.

A maioría dos autores que se aproximaron ao estudo da figura da vítima propuxeron as súas propias propostas tipolóxicas, que non veñen ser senón revisións actualizadas e ampliadas das clasificacións tradicionais. Ditas propostas contrarrestan en certo xeito «a pobreza e unilateralidade coa que o Dereito Penal aborda o concepto de vítima». A enumeración tipolóxica que imos realizar non é exhaustiva. Centraremos, exclusivamente, nas clasificacións que tiveron unha maior difusión ou que presentan interese desde o punto de vista xurídico-penal.

2. Tipoloxías vitimais: criterios clasificatorios

2.1. O criterio da contribución vitimal

As tipoloxías que utilizan a variable da contribución da vítima á súa propia vitimización son as propias da chamada «vitimoloxía do acto». O seu obxectivo é determinar a contribución da vítima á xénese do feito delituoso. Trátase de tipoloxías uniaxiais -é dicir, que operan cun único criterio-, de fácil proxección ao campo xurídico-penal -normalmente en clave vitimodogmática - e que rompen coa tradicional visión da vítima como figura pasiva, neutra e funxible.

2.1.1. Mendelsohn

A achega máis significativa de Mendelsohn ao campo da vitimoloxía é a súa teoría da correlación de culpas entre a vítima e o vitimario. A clasificación tipolóxica formulada por Mendelsohn serviu de base a posteriores tipoloxías. A gran relevancia da clasificación mendelsohniana non debe examinarse só sobre o plano vitimolóxico, senón tamén xurídico-penal, na medida en que pode conducir a unha atenuación da pena do infractor en función do grao de responsabilidade que caiba atribuírle á vítima. A clasificación de Mendelsohn serviu de base, principalmente, para as formuladas por Fattah e Gulotta. Para a súa elaboración utilizou como criterio o da relación existente entre a culpabilidade da vítima e a do vitimario, unha relación que cualificaba de inversa, no sentido de que á maior culpabilidade dun correspondíalle a menor culpabilidade do outro. Así, distinguía cinco clases principais de vítimas e varias subclases ordenadas todas elas segundo a contribución etiolóxica da vítima á dinámica criminal.

En primeiro lugar, teríamos a «vítima enteiramente inocente ou ideal», totalmente allea ao desencadeamento da dinámica criminal. No polo extremo atoparíase a denominada «vítima unicamente culpable», que abarcaría, á súa vez, a «vítima agresora» -vitimario que acaba converténdose en vítima, por exemplo, nas actuacións en lexítima defensa-, a «vítima simuladora» -a que acusa falsamente- e a «vítima imaxinaria» -quen por causas psicopatolóxicas ou de inmaduridade psíquica, cre erroneamente ser vitimizada-. O certo é que, a pesar da inclusión nas propostas tipolóxicas elaboradas por diversos autores, esta última clase de vítima só pertence tanxencialmente á área da vitimoloxía.

Entre unha e outra categoría situaríanse a das «vítima de menor culpabilidade ou por ignorancia» -aquela que, de maneira non deliberada, provoca a súa propia vitimización ao facilitar a actuación do ofensor-, a «vítima tan culpable como o infractor ou voluntaria» -que consente ou acorda a súa propia morte - e, por último, a «vítima máis culpable que o vitimario» - que coa súa conduta incita (vítima provocadora) ou determina (vítima imprudente) o feito criminal.

Para Mendelsohn, a correlación das culpas da vítima e do vitimario debería ter repercusións penolóxicas. De tal maneira que, no caso dunha vítima inocente aplicaríase integramente a penal ao inculpado; esta sería atenuada -en función do grao de culpabilidade da propia vítima- nos supostos de vítimas por ignorancia, voluntaria,

por imprudencia ou provocadora; por último, o vitimario sería absoluto cando concorresen os tipos da vítima agresora, simuladora ou imaxinaria, por estar xustificada legalmente a acción ou non ter existido aquela.

A pesar da súa gran repercusión, a tipoloxía mendolsiahna foi obxecto de diversas críticas. Herrera Moreno pon de manifesto que parte dunha premisa non demostrable: a da culpa vitimal. Efectivamente, esta clasificación tipolóxica cualifica a interacción entre a vítima e o vitimario en función dun dos protagonistas –a vítima– e da súa actitude no momento previo ao acto vitimizante; non toma en consideración pois, nin o papel xogado polo comportamento do infractor, nin a actitude da vítima durante perpetración do acto delituoso e con posterioridade a súa consumación.

Tamén se denunciou que as tipoloxías manexadas revisten carácter puramente especulativo –carecendo de calquera tipo de apoio empírico–, e que a determinación do grao de culpabilidade implica o recurso a parámetros excesivamente subxectivos. A este último respecto, púxose de relevo que aínda que a clasificación se asente sobre un concepto xurídico de culpabilidade, nalgunhas ocasións Mendelsohn utiliza ese termo na súa dimensión psicolóxica como sinónimo de reproche social.

Por último, non debe deixar de subliñarse que as tipoloxías en cuestión só se centran nas vítimas individuais e que, á hora de examinar as súas repercusións na determinación da pena, incorre nunha xeneralización determinista que casa mal co proceso de individualización xudicial da pena. A principal virtude destas tipoloxías é a de servir de base para a formulación doutras.

2.1.2. Jiménez de Asúa

A pesar de mostrarse contrario á consideración da Vitimoloxía como unha nova ciencia, independente do Dereito Penal ou da Criminoloxía, tampouco Jiménez de Asúa permaneceu alleo á moda clasificatoria. A súa proposta tipolóxica é de clara inspiración mendolsiahna. Para a súa elaboración ten en conta dous planos:

- a) o do delincente e o do contexto previo ao feito delitivo plasmada na formulación dos tipos de vítimas indiferentes ou funxibles e vítimas determinadas ou infunxibles, aínda que centra a súa atención unicamente nestas últimas ao considerar que as primeiras non teñen maior interese vitimolóxico.
- b) o da vítima e o da súa actuación durante a perpetración da agresión, a que responden os tipos antagónicos da vítima resistente –cuxa resistencia pode ser real ou presunta– e o da vítima coadxuvante –a que lle sería de aplicación o principio da culpabilidade concorrente–. A apreciación desta última situación (coadxuvancia vitimal) debería conducir, na súa opinión, á supresión de determinados tipos penais, á atenuación da pena para impoñer ao vitimario ou á denegación do pagamento da indemnización á vítima. A distinción entre vítimas resistentes e coadxuvantes é o xerme da polémica desatada ao redor da denominada vitimodogmática.

Críticase respecto desta clasificación tipolóxica que se centre exclusivamente nas chamadas vítimas determinadas, prescindíndose tanto das indeterminadas como doutras figuras intermedias. No seu favor cabe sinalar, con todo, que a diferenza da

clasificación de Mendelsohn dá cobertura ás actitudes da vítima durante o iter delituoso (por exemplo, a súa resistencia).

2.1.3. *Gulotta*

A clasificación formulada por Gulotta ten como fundamento a realidade social e como eixe principal a división entre vítimas falsas e vítimas reais ou auténticas.

No marco da primeira das categorías, Gulotta distingue, á súa vez, entre as vítimas simuladoras –que sosteñen a súa propia vitimación por vinganza, por chantaxe ou calquera outro motivo– e as vítimas imaxinarias –que, por motivos psicolóxicos ou por inmaduridade psíquica, cren erroneamente ser vitimizadas–. A diferenza entre ambos os subtipos radica, pois, na consciencia ou inconsciencia da falsidade da acusación. As vítimas reais, pola súa banda, poderían ser funxibles e non funxibles ou participantes. As primeiras comprenderían as vítimas accidentais e as indiscriminadas, mentres que as segundas –caracterizadas polo seu rol activo na xénese do delito– acollerían as vítimas imprudentes, as alternativas, as provocadoras e as voluntarias.

Esta equiparación entre os binomios indeterminada-inocente / determinada-culpable é a principal crítica que se fai á tipoloxía de Gulotta, na medida en que esta conexión non ten que darse inexorablemente.

2.1.4. *Joutsen*

A clasificación teórica proposta por Joutsen presenta unha gran similitude coa de Mendelsohn. Ambas utilizan como criterio sistematizador a contribución da vítima á súa propia vitimización, establecendo unha gradación que vai desde a vítima totalmente inocente ata a unicamente culpable. Joutsen xustifica esta forma de proceder pola relevancia das diferentes formas de contribución vitimal para a determinación da culpabilidade do ofensor e, consecuentemente, para a determinación das medidas preventivas a adoptar. Segundo Joutsen, para previr o crime non é suficiente con poñer en coñecemento da vítima os riscos en que incorre debido a que –como poñen de manifesto as investigacións– moitos deles están relacionados con factores persoais, sociais e situacionais moi difíciles ou imposibles de modificar.

Neste sentido, distingue ata sete categorías vitimais en función do grao e forma de participación desta na xénese delitual. A pesar do completo e detallado da súa tipoloxía, diso non debe inferirse –como advirte o propio autor– que a vítima sempre contribúe dalgunha maneira á súa propia vitimización. Na súa clasificación poden distinguirse claramente dúas situacións vitimais: aquelas en que está presente un risco de vitimización que se ve potenciado polo comportamento da vítima e as que se toman en consideración a súa interacción co vitimario.

Nas primeiras quedarían englobadas diversas clases de vítimas. A vítima consciente que é aquela persoa vitimizada a pesar de actuar de forma dilixente, tomando todas as medidas de protección que serían adoptadas por unha persoa prudente que se achase nesa mesma situación. A diferenza da anterior, a vítima facilitadora actúa,

en cambio, de forma imprudente favorecendo a súa propia vitimización ao non adoptar a dilixencia media esixible. Esta categoría pódese dividir, ulteriormente, en dous subtipos segundo ese comportamento negligente da vítima fóra simplemente aproveitado polo infractor para cometer máis facilmente un delito que xa estaba decidido a perpetrar ou xerarse unha situación tentadora que determinase ao infractor á comisión dun delito que doutra maneira non perpetraría. Tamén temos que aludir neste contexto á denominada vítima invitadora, aquela que, deliberada e innecesariamente, asume un notable risco de ser vitimizada sen adoptar por iso maiores precaucións das habituais ao non ser consciente de acharse nunha situación de perigo.

Polo que respecta á segunda das categorías, as posibles actitudes da vítima na súa interacción co vitimario permitirían falar, dos seguintes tipos de vítimas. En primeiro lugar, dunha vítima perpetradora, a cal é agredida polo ofensor en lexítima defensa. Seguidamente viría a vítima provocadora, que sería a que se comporta dunha maneira –por exemplo, burlona– que determina ao infractor para acometela. Englóbanse tamén aquí a vítima consentidora –que consente ser vitimizada–, a vítima instigadora –que fai todo o posible para ser vitimizada, de tal forma que sen a súa actuación o delito nunca se produciría– e a simuladora –que, por diversos motivos, denuncia ser vítima dun delito inexistente ou esaxera intencionadamente a gravidade da ofensa ou do dano sufrido–.

Como recoñece Joutsen, a súa clasificación toma como referencia, exclusivamente, o comportamento da vítima no período previo á comisión do delito, e céntrase nas vítimas individuais e de delitos «de contacto», aínda que, na súa opinión, tamén podería proxectarse sobre as vítimas colectivas e institucionais, así como sobre as de calquera delito non relacional.

Varias foron as críticas dirixidas contra esta proposta. As principais apuntan á non distinción, no marco das categorías da vítima invitadora e da vítima facilitadora, entre unha forma accidental e unha forma determinante, e ao controvertido da aplicación do tipo de vítima provocadora a determinados campos delituosos. Iso débese ao alto grao de subxetivismo que impregna a mesma ao depender o carácter provocador da acción da propia percepción do vitimario.

2.2. O criterio da vulnerabilidade da vítima

2.2.1. Von Hentig

A obra de Von Hentig *The Criminal and his victim* –cuxo capítulo XII dedícase á contribución da vítima á xénese do delito–, é considerada como o punto de partida dos estudos científicos sobre a vítima. Para Von Hentig, aínda que é certo que é o vitimario o que crea a vítima, tamén o é o feito de que a vítima dá forma e moldea o seu vitimario, xogando en ocasións un papel determinante na causación do feito delituoso. Produciríase, así, unha sorte de interacción entre ambos, un sistema de vínculos cuxo exacto coñecemento axudaría, non só ao esclarecemento do feito delituoso, senón tamén á identificación de potenciais vítimas e de potenciais situacións vitimizadoras. No citado capítulo abordouse, por vez primeira, a tarefa de sistematizar

zar os factores de carácter biolóxico, psicolóxicos ou sociolóxicos cuxa concorrencia fai que as persoas presenten un maior risco de vitimización.

Entre os factores de vulnerabilidade biolóxica, Von Hentig inclúe tanto a debilidade corporal –determinada pola idade e o sexo– como a mental –que sería a que presentan os diminuídos psíquicos e outros suxeitos mentalmente deteriorados, como os drogadictos e os alcohólicos, xa que as súas dificultades para percibir as súas situacións de perigo lévaos a actuar de maneira imprudente converténdoo en brancos fáciles–.

Polo que respecta aos factores de vulnerabilidade sociolóxica, entre eles contaríanse a inmigración, a pertenza a minorías étnicas e a posesión dun coeficiente de intelixencia inferior ao normal. Para Von Hentig, o desarraigamento que experimentan os inmigrantes como consecuencia da chegada a un país no que carecen de calquera rede de apoio social, xunto á súa visión idealizada dese «novo mundo», fai que non adopten todas as precaucións necesarias e se convertan en vítimas propicias ata que, co paso do tempo, logran inserirse nesa nova sociedade. Pola súa banda, dada a desconfianza que senten cara ao resto dos membros da sociedade, as minorías raciais serían máis facilmente abordadas e vitimizadas por individuos do seu mesmo grupo. Von Hentig pon así mesmo de relevo como a delincuencia de certas razas obedece á necesidade de atopar unha forma de supervivencia ao ver substituído o seu traballo polo uso das modernas tecnoloxías. Finalmente, as persoas cuxo coeficiente de intelixencia está por baixo do normal veñen representar para Von Hentig o tipo de «víctima nata».

2.3. Ponderación conxunta do criterio da contribución vitimal e do criterio da vulnerabilidade

As clasificacións tipolóxicas que expoñemos a continuación constitúen unha miscelánea das elaboradas por Mendelsohn e por Von Hentig, conxugando os criterios da contribución –principio de culpa correlativa– e da vulnerabilidade vitimal.

2.3.1. Fattah

A clasificación tipolóxica elaborada por Fattah apóiase, esencialmente, sobre o criterio da contribución vitimal de Mendelsohn, aínda que tamén acusa a influencia do tipo da vítima latente ou predisposta formulado por Von Hentig. Está composta por cinco tipos básicos e numerosas subcategorías. Os tipos básicos son o da vítima non participante, a vítima latente ou predisposta, a vítima provocadora, a vítima participante e a vítima falsa.

A vítima non participante, cos seus subtipos pasivo e activo, sería aquela que non contribuíu á xénese da dinámica criminal, mantendo unha actitude negativa cara á ofensa e cara ao ofensor. Á súa vez, dentro do subtipo pasivo pode distinguirse entre vítimas inconscientes –aquelas que, sendo capaces de resistirse, non o fan, porque non se dan conta de que están a ser vítimas dunha infracción penal–, vítimas menos poderosas –que, sendo conscientes de que están a ser vítimas dunha infrac-

ción penal, son incapaces de defenderse, polo modo en que esta é perpetrada— e vítimas inconscientes ou menos poderosas. O subtipo activo, pola súa banda, estaría conformado polas vítimas resistentes —que se opoñen á comisión do delito desde o momento en que este se inicia—.

A latente ou predisposta sería aquela na que concorren determinados factores biofisiolóxicos, sociais ou psicolóxicos que incrementan o risco de vitimización.

A provocadora, en terceiro lugar, sería aquela que desempeña un papel definitivo na xénese do delito, ben pola súa actitude negligente, ben dun modo activo e directo —víctima consentidora e non consentidora—.

O cuarto tipo é o da vítima participante, que é aquela que facilita a execución do feito delituoso, ben mediante unha actitude pasiva (consentimento, submisión, resignación, convivencia, indiferenza, apatía) que fai posible a súa perpetración, ben mediante unha actitude activa coadxuvando, colaborando ou cooperando á súa propia vitimización. Os tipos de vítima provocadora e vítima participante responden «a unha subdivisión de tipo actitudinal e psicolóxica, centrada na análise do rol desempeñado pola vítima durante a comisión do delito».

A vítima falsa, en fin, sería aquela que cre erroneamente ou simula ser vitimizada —víctima imaxinaria— ou que se autovitimiza a si mesma.

En contra desta clasificación tipolóxica falan a confusión á que carrega —ao mesurar elementos condutuais e factores persoais—, a súa falta de exhaustividade —ao centrarse unicamente nas vítimas individuais— e a inconcreción do grao de culpa que lles corresponde aos distintos tipos de vítimas.

2.3.2. *Schafer*

A súa clasificación, de inspiración mendolsiahna, ten como eixe reitor a contribución vitimal, orientándose a determinar a quen lle corresponde a responsabilidade polo feito perpetrado e en que grao. Con todo, tamén se fai eco do criterio da vulnerabilidade vitimal.

A este respecto distingue sete tipos de vítimas. O primeiro é o das vítimas que non teñen ningunha relación nin co vitimario nin co feito delituoso, cuxo orixe se sitúa nunha decisión unilateral daquel. As vítimas provocadoras son aquelas que sofren o delito por actuar previamente en contra do vitimario, e ás que lles corresponde, nesa medida, unha responsabilidade compartida. Un certo grao de responsabilidade debe recaer, así mesmo, sobre as precipitativas, que co seu comportamento dan lugar á comisión do delito ou crean unha situación tentadora para o vitimario. Nas vítimas biolóxicas e socialmente débiles, en cambio, concorren determinados factores (a idade, o sexo, o estado físico ou psíquico, a pertenza a grupos marxinais etc.) que limitan a súa capacidade para protexerse, polo que a responsabilidade en canto a súa vitimización debería ser compartida, neste caso, coa sociedade e co goberno —ben por non articular as medidas necesarias para protexer a esas persoas, ben por non implementar mecanismos de integración—. Os dous últimos tipos acuñados por Schafer son o das autovítimas e o das vítimas políticas. As primeiras (os drogadictos, os alcohólicos...) son responsables da súa propia vitimización dándose nelas a dobre

calidade de vítima e vitimario. As vítimas políticas son vitimizadas polas súas ideas, non correspondéndolles ningún tipo de responsabilidade. Esta última categoría constitúe, quizá, a principal achega desta proposta.

2.3.3. Neuman

Neuman elabora unha clasificación máis moderna e dinámica que as anteriormente referenciadas, superando as limitacións da clasificación de Mendelsohn. A súa principal característica é a súa intención de non esgotar todos os posibles tipos vitimais.

A súa proposta identifica tres grandes grupos de vítimas, partindo para iso do contexto en que se produce a vitimización; dentro de cada un deles, á súa vez, distíngue diversos subgrupos, manexando criterios vitimolóxicos, criminolóxicos, xurídico-penais e de vulnerabilidade vitimal.

